

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2020/5

DATA: xoves 28 de maio de 2020

LUGAR: mediante vídeo conferencia <https://jitsi.concelloderianxo.gal/Pleno>

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:33 horas.

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTÁNS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL

ORDE DO DÍA:

PARTE RESOLUTIVA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 201,533 exp. 2020/G010/000005

1. Aprobación Acta Pleno ordinario 27 de febreiro de 2020
2. APROBACIÓN Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2020
3. APROBACIÓN Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19

PARTE DE CONTROL

1. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. Dación de conta da aprobación do Plan orzamentario a medio prazo 2021-23
3. Moción Rianxo en Común: Adecuación das instalacións do Porto de Rianxo
4. Moción Grupo municipal PSG: ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCURREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA.
5. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=xPbUG4O3P4s>

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 3/2020 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA 27 DE FEBREIRO DE 2020

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 3/2020 de 27/02/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 27/02/2020, Acta nº 3/2020.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Considerando que don Francisco Rubio Vicente (PP) non estaba incorporado á sesión cando se trata este punto, que respecto a dona Hadriana Ces Quintáns (BNG) prodúcese a desconexión, e que don Germán Allut Vidal (PP) non estaba incorporado á sesión neste punto, a proposta APRÓBASE con: 13 votos a favor (5 do BNG, 4 do PSOE, 1 do PP, 2 de REC e 1 de Cs), cero en contra e 1 abstención en aplicación do artigo 100 do ROF de dona Hadriana Ces Quintáns.

Conéctase don Francisco Rubio Vicente.

2 APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2020”

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ADICIONAL 2/2020 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder anexalo a Plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña por rematar o prazo de presentación o 29 de xuño

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, e considerando que don Germán Allut Vidal (PP) non estaba incorporado á sesión neste punto, que dona Hadriana Ces Quintáns (BNG) non consegue conectarse á sesión para tratar este punto, APRÓBASE a citada inclusión na orde do día por 14 votos a favor (5 do BNG, 4 do PSOE, 2 do PP, 2 de REC, 1 de Cs), cero en contra e 1 abstención en aplicación do artigo 100 do ROF de dona Hadriana Ces Quintáns.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se

transcribe a continuación:

Expte.: 2020/A008/000029

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

No BOP nº 66 de 05.05.2020 publicáronse a Aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020.

O importe da achega provincial asignada ao Concello de Rianxo é o seguinte:

CONCELLO	Asignación POS+ AD 2/2020 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles
RIANXO	154.362,77

Unha vez analizada a circular específica relativa ao POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, conclúuse na conveniencia de solicitar os fondos asignados para gasto corrente, xa que na solicitude remitida en decembro para o POS+2020 non se incluía ningún importe para esta finalidade.

Logo de ver que conforme á Disposición adicional 3ª apartado 4 do R.D. 463/2020 de 14 de marzo, modificado polo R.D. 465/2020 de 17 de marzo, se establece que : *"4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios"*. Considerándose á vista do exposto, de interese xeral a aprobación de dito expediente.

Deste xeito, e á vista dos Anexos incorporados ao expediente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	154.362,77

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0	0	0

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0	0	0

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	154.362,77		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
TOTAL	154.362,77		

SEGUNDO

Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO

Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para

facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

CUARTO

Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

QUINTO

Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO

Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO

Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Considerando que don Germán Allut Vidal (PP) non estaba incorporado á sesión neste punto, que dona Hadriana Ces Quintáns (BNG) non consegue conectarse á sesión para tratar este punto, APRÓBASE a citada Proposta anteriormente transcrita por 14 votos a favor (5 do BNG, 4 do PSOE, 2 do PP, 2 de REC, 1 de Cs), cero en contra e 1 abstención en aplicación do artigo 100 do ROF de dona Hadriana Ces Quintáns.

3 APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19

Expte.: 2020/A008/000028

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 sen ditame previo de Comisión Informativa dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder anexalo a Plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña por rematar o prazo de presentación o 29 de xuño.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da

alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, e considerando que don Germán Allut Vidal non estaba incorporado á sesión neste punto, APRÓBASE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes (6 do BNG, 4 do PSOE, 2 do PP, 2 de REC e 1 Cs) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

A Deputación Provincial de Coruña ó día 30/04/2020, aprobou a modificación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020, e publicadas no BOP N° 66 de 5/05/2020, para a regulación do:

- POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19
- POS+ADICIONAL 2/2020, PARA GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES0.

No BOP nº 66 de 05.05.2020 publicáronse a Aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020 e do POS+Adicional 2/2020.

O POS+Adicional 1/2020 vaise destinar unicamente ao financiamento das prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real decreto-lei 8/2020, a asignación que corresponde ao Concello de Rianxo para o **POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19** son os seguintes

CONCELLO	Asignación POS+AD 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19
RIANXO	41.163,40

A modificación das Bases reguladoras do POS+2020 consistiu en engadir a Base 12, para regular o POS+AD1/2020.:

As prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real decreto-lei 8/2020 son as seguintes:

Artigo 1.2.

a) Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os cuidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.

- b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria deste servizo.*
- c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.*
- d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como en intensidade, dos mesmos.*
- e) Reforzar o persoal dos centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do persoal.*
- f) Adquisición de medios de prevención (EPI).*
- g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.*
- h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que conten con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.*
- i) Outras medidas que as comunidades autónomas, en colaboración cos servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, e sexan debidamente xustificadas.*

Logo de ver que conforme á Disposición adicional 3ª apartado 4 do R.D. 463/2020 de 14 de marzo, modificado polo R.D. 465/2020 de 17 de marzo, se establece que : “4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios”. Considerándose á vista do exposto, de interese xeral a aprobación de dito expediente.

En atención ao exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e

solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	41.163,40 €
---	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os cuidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).	33.000,00	0,00	33.000,00

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	8.163,40	0,00	8.163,40
T O T A L	41.163,40 €	0,00 €	41.163,40 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

IProdúcese a desconexión de Francisco Rubio Vicente.

A proposta APRÓBASE con 14 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 1 dos membros do grupo PP, 4 dos membros do grupo PSOE, 2 membros do grupo Rianxo en Común e 1 membro de Ciudadanos) e 1 abstención de don Francisco Rubio Vicente en aplicación do previsto no artigo 100 do ROF .

Neste punto conéctase á sesión don Germán Allut Vidal.

PARTE DE CONTROL

1 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2020 ata o 30/04/2020, que comprenden os números 64/2020 ao 246/2020, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta N° 2/2020 da Sesión ordinaria do día 06/02/2020
- Acta n° 3/2020 da Sesión ordinaria do día 20/02/2020
- Acta n° 4/2020 da Sesión ordinaria do día 05/03/2020

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

2 DACIÓN DE CONTA APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2021-23

Expte.: 2020/X999/000357

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

Dáselle conta ao Pleno da Resolución núm. 183, do 13/03/2020, pola que se aprobou o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2021-23:

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Actualmente non se dispón do borrador do orzamento de 2020, pero si duns criterios xerais ou tendencias a día de hoxe para a evolución dos orzamentos, que servirán de base para a confección deste documento.

1. INGRESOS

Os ingresos correntes parten da prórroga do orzamento de 2020.

1.1 IBI

No 2012 aprobouse unha Ponencia de valores que, anualmente, foi elevando a base liquidable dos padróns do imposto. Nos últimos exercicios tratouse de compensar, polo menos parcialmente, o incremento da cota tributaria reducindo o tipo de gravame. Esta medida xa non se adoptou no 2019, co fin de mellorar as previsións de ingresos e os resultados orzamentarios. As previsións da evolución do Ibi son as seguintes:

	PADRÓN 2019	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2020 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2021 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2022 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2023 PREVISTO
IBI RÚSTICA	1.487.940,96	6,13%	1.579.151,74	6,13%	1.675.953,74	6,13%	1.778.689,71	1,00%	1.796.476,60
IBI URBANA	353.957,40	-1,85%	347.409,19	-1,85%	340.982,12	-1,85%	334.673,95	1,00%	338.020,69
IBI CARACTERÍSTICAS E.	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67
TOTAL IBI	1.851.882,03	4,57%	1.936.544,60	4,67%	2.026.919,53	4,76%	2.123.347,33	1,00%	2.144.480,96
IBI TENDENCIAL			1.870.301,01	0,00%	1.870.301,01	9,45%	2.047.088,89	4,76%	2.144.480,96
IBI POLÍTICAS			66.243,59	136,43%	156.618,52	-51,31%	76.258,44	-100,00%	0,00

1.2 Resto de impostos, taxas, prezos públicos e outros ingresos

Aínda que é intención retomar coa actualización anual das cotas tributarias dos principais impostos e taxas, por prudencia non se reflectiu neste documento un gran incremento. Prevese unha porcentaxe de incremento no IVTM e no conxunto de taxas e prezos públicos. Manteuse o criterio de prudencia á hora de estimar a evolución de impostos como a *plusvalía* (IIVTNU) e o ICIO:

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.679.794,92	2,46%	2.745.735,14	3,72%	2.847.783,88	0,94%	2.874.594,66
Ibi	1.936.544,60	4,67%	2.026.919,53	4,76%	2.123.347,33	1,00%	2.144.480,96
Iae	111.721,42	0,00%	111.721,42	0,00%	111.721,42	0,00%	111.721,42
Ivtm	556.528,90	1,00%	562.094,19	1,00%	567.715,13	1,00%	573.392,28
Ivtnu	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Icio	60.000,00	-50,00%	30.000,00	0,00%	30.000,00	0,00%	30.000,00
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.565.961,62	1,00%	1.581.621,24	1,00%	1.597.437,45	1,00%	1.613.411,82

1.3 Transferencias e subvencións correntes

Seguindo o criterio da prudencia contable, non se estimaron incrementos nas subvencións finalistas. En cambio, na participación nos ingresos do Estado, tendo en conta a previsión do Goberno da taxa de referencia nominal do PIB, para a fixación da regra de gasto (2,90%; 3,00%; 3,20% e 3,30%), si preveu un maior aumento:

A) Detalle de ingresos corrientes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Cap 4. Transferencias crr	3.759.594,44	0,61%	3.782.630,34	1,23%	3.829.162,86	1,24%	3.876.626,04
PTE	2.303.590,22	1,00%	2.326.626,12	2,00%	2.373.158,64	2,00%	2.420.621,82
Resto cap 4	1.456.004,22	0,00%	1.456.004,22	0,00%	1.456.004,22	0,00%	1.456.004,22

1.4 Transferencias de capital

Para a estimación das transferencias de capital, tomouse como referencia o importe da liña de subvención do POS+2020, por 279.611,15 €. Posteriormente, incrementouse tendo en conta as ampliacións deste importe por convocatorias de plans adicionais do POS e convocatorias anuais de subvencións por parte da Xunta de Galicia (Fondo de Compensación Ambiental, Plan de Camiños, etc.). A estimación quedou en 400.000 € anuais. No 2020 engadíuselle a subvención do IDAE para a renovación das luminarias que se redondeou a 800.000 €.

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	1.200.000,00	-66,67%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Total de ingresos de capital	1.200.000,00	-66,67%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00

1.5 Ingresos financeiros

No caso dos ingresos financeiros tomouse en consideración:

1. Anualmente a Deputación Provincial concederá polo POS unha liña de endebedamento de 200.000 €, aproximadamente. En 2020 o importe rendoedado é de 205.800 €.
2. En 2020 prevese o ingreso do préstamo formalizado para a actuación da renovación de luminarias, subvencionada polo IDAE, cuxo importe máximo será de 199.679 €.

A) Detalle de ingresos financeiros	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	405.479,00		200.000,00		200.000,00		200.000,00
Total de ingresos financeiros	415.479,00	-49,46%	210.000,00	0,00%	210.000,00	0,00%	210.000,00

1.6 Resumo

Ingresos	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Ingresos corrientes	8.006.350,98	1,31%	8.110.986,72	2,03%	8.275.384,19	1,09%	8.365.632,53
Derivados de evolución tendencial	7.940.107,39	0,18%	7.954.368,20	3,08%	8.199.125,75	2,03%	8.365.632,53
Derivados de modificaciones de políticas	66.243,59	136,43%	156.618,52	-51,31%	76.258,44	-100,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias	66.243,59		156.618,52		76.258,44		0,00
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imponibles no gravados							
Medida 3: Correcta financiación de taxas y precios							

Ingresos	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
públicos							
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos							
Ingresos de capital	1.200.000,00	-66,67%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de evolución tendencial	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de modificaciones de políticas	800.000,00						
Ingresos no financieros	9.206.350,98	-7,55%	8.510.986,72	1,93%	8.675.384,19	1,04%	8.765.632,53
Derivados de evolución tendencial	8.340.107,39	0,17%	8.354.368,20	2,93%	8.599.125,75	1,94%	8.765.632,53
Derivados de modificaciones de políticas	866.243,59	-81,92%	156.618,52	-51,31%	76.258,44	-100,00%	0,00
Ingresos financieros	415.479,00	-49,46%	210.000,00	0,00%	210.000,00	0,00%	210.000,00
Derivados de evolución tendencial	215.800,00	-2,69%	210.000,00	0,00%	210.000,00	0,00%	210.000,00
Derivados de modificaciones de políticas	199.679,00		0,00		0,00		0,00
Ingresos totales	9.621.829,98	-9,36%	8.720.986,72	1,89%	8.885.384,19	1,02%	8.975.632,53
Derivados de evolución tendencial	8.555.907,39	0,10%	8.564.368,20	2,86%	8.809.125,75	1,89%	8.975.632,53
Derivados de modificaciones de políticas	1.065.922,59	-85,31%	156.618,52	-51,31%	76.258,44	-100,00%	0,00

2. GASTOS

En canto á evolución dos gastos, seguíronse os seguintes criterios:

2.1 Gastos de persoal

No caso dos gastos de persoal, tendo en conta que estanse a aprobar ofertas de emprego público e que estase a traballar na relación de postos de traballo tomouse unha porcentaxe de incremento anual do 4 por 100.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 1. Gastos de personal	3.100.000,00	4,00%	3.224.000,00	4,00%	3.352.960,00	4,00%	3.487.078,40

2.2 Gastos en bens correntes e servizos

O incremento deste capítulo de gasto fíxose nunha porcentaxe do 1 por 100, debido á necesidade de conter o gasto corrente, co fin de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e mellorar o período medio de pago a provedores.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios	4.050.000,00	1,00%	4.090.500,00	1,00%	4.131.405,00	1,00%	4.172.719,05

2.3 Gastos financeiros e amortización de préstamos

Os gastos financeiros son, fundamentalmente, os xuros dos préstamos, polo que as estimacións calculáronse en base ás previsión deste tipo de gastos, incrementándoa por posibles gastos financeiros que non responden a xuros de débeda financeira.

Como medida de mellora das magnitudes orzamentarias e da sostibilidade financeira, prevese destinar da liña de endebedamento do POS provincial a amortización extraordinaria de débeda un importe estimado en 100.000 €, destinando os 100.000 € restantes ao financiamento de investimentos. Isto orixinará unha redución acelerada do pasivo municipal, permitindo tamén a redución dos custos financeiros, como se reflicte na táboa.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 3. Gastos financieros	20.000,00	0,00%	20.000,00	-25,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 9. Gastos por pasivos financeiros	117.500,00	212,11%	366.734,50	11,54%	409.055,02	-29,34%	289.055,02

A amortización prevista é a seguinte:

Préstamo:	Descripción	Prazo de devolución	Capital Pendiente 2019	Capital pte 31/12/2020	Amortización 2021	Capital pte. 31/12/2021	Amortización 2022	Capital pte. 31/12/2022	Amortización 2023	Capital pte. 31/12/2023
2015 / 1 / PAI	PRÉSTAMO PROVINCIAL PAI 2015	2021-2030	65.273,20	65.273,20	6.527,32	58.745,88	6.527,32	52.218,56	6.527,32	45.691,24
2015 / 1 / PAI(2)	PAI 2015 (INV)	2021-2030	139.150,00	139.150,00	13.915,00	125.235,00	13.915,00	111.320,00	13.915,00	97.405,00
2016 / 1 / PAI	PRESTAMO PROVINCIAL PAI 2016	2022-2031	222.852,95	222.852,95		222.852,95	22.285,30	200.567,66	22.285,30	178.282,36
2017 / 1 / POS17	PRESTAMO PROVINCIAL CONCEDIDO CO POS+2017	2021-2030	223.040,21	223.040,21	22.304,02	200.736,19	22.304,02	178.432,17	22.304,02	156.128,15
2018 / 1 / 2	POS18 (INV)	2022-2031	207.440,03	207.440,03		207.440,03	20.744,00	186.696,03	20.744,00	165.952,02
2018 / 1 / POS18	PRESTAMO PROVINCIAL CONCEDIDO POLO POS 2018 (REFINANCIACION)	2022-2031	35.350,27	35.350,27		35.350,27	3.535,03	31.815,24	3.535,03	28.280,22
2019 / 1 / POS19	PRESTAMO INCLUIDO NO POS 2019 E VINCULADO AO FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS	2021-2030	187.077,56	187.077,56	18.707,76	168.369,80	18.707,76	149.662,05	18.707,76	130.954,29
POS 2020 PROXECTADO	POS 2020	2022-2031		205.817,02		205.817,02	20.581,70	185.235,32	20.581,70	164.653,62
2019 / 1 / 534588	PRESTAMO BANCO SABADELL (PAZO DE RIANXIÑO)	2021-2028	1.600.000,00	1.482.500,00	185.312,50	1.297.187,50	214.458,15	1.082.729,35	280.454,89	802.274,46
2019 / 1 / IDAE	PRESTAMO BANCO SABADELL (IDAE)	2021-2030	199.679,04	199.679,04	119.967,90	79.711,14	79.711,14	0,00	0,00	0,00
TOTAL				2.968.180,28	366.734,50	2.601.445,78	422.769,41	2.178.676,37	409.055,02	1.769.621,35
AMORTIZACION EXTR.					100.000,00		100.000,00		100.000,00	

2.4 Transferencias correntes

Prevese un lixeiro incremento deste capítulo de gasto.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 4. Transferencias corrientes	255.000,00	17,65%	300.000,00	0,00%	300.000,00	0,00%	300.000,00

2.5 Inversións reais

Os importes dos investimentos reais calculáronse tomando como base un esforzo investidor do concello de 200.000 € para 2020 e 2021, co fin de mellorar a situación orzamentaria. Para 2022 actualizouse a previsión a 250.000 € e, xa no 2023, a 300.000 €. Este capítulo calculouse tendo en conta o capítulo 7 de ingresos, a previsión de utilización de 100.000 € da liña de endebedamento do POS provincial e a achega municipal financiada con recursos propios.

A) Detalle de gastos de capital	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Capítulo 6. Inversións reais	1.687.979,00	-58,53%	700.000,00	7,14%	750.000,00	6,67%	800.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00		0,00
Total de gastos de capital	1.687.979,00	-58,53%	700.000,00	7,14%	750.000,00	6,67%	800.000,00

2.6 Resumo

Gastos	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Gastos corr	7.425.000,00	2,82%	7.634.500,00	2,16%	7.799.365,00	2,25%	7.974.797,45
Derivados de evolución tendencial	7.425.000,00	2,20%	7.588.000,00	2,15%	7.751.005,00	2,24%	7.924.503,05
Derivados de modificacións políticas	0,00		46.500,00		48.360,00		50.294,40
Medida 1: Reducción de costes de personal							

Gastos	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib			46.500,00		48.360,00		50.294,40
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							
Mdida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de cttos menores							
Medida 11: Reducción de cargas admtvas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras							
Gastos de capital	1.687.979,00	-58,53%	700.000,00	7,14%	750.000,00	6,67%	800.000,00
Derivados de evolución tendencial	687.979,00	1,75%	700.000,00	7,14%	750.000,00	6,67%	800.000,00
Derivados de modificaciones políticas	1.000.000,00						
Medida 16: No ejecución inversión							

Gastos	Año 2020 (€)	% taxa variación 2021/20	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2023 (€)
Medida 17: Otras							
Gastos no financieros	9.112.979,00	-8,54%	8.334.500,00	2,58%	8.549.365,00	2,64%	8.774.797,45
Derivados de la evolución tendencial	8.112.979,00	2,16%	8.288.000,00	2,57%	8.501.005,00	2,63%	8.724.503,05
Derivados de modificaciones políticas	1.000.000,00		46.500,00		48.360,00		50.294,40
Gastos financieros	127.500,00	195,48%	376.734,50	11,23%	419.055,02	-28,64%	299.055,02
Derivados de evolución tendencial	10.000,00	2667,35%	276.734,50	15,29%	319.055,02	-37,61%	199.055,02
Derivados de modificaciones políticas	117.500,00		100.000,00		100.000,00		100.000,00
Gstos totales	9.240.479,00	-5,73%	8.711.234,50	2,95%	8.968.420,02	1,18%	9.073.852,47
Derivados de evolución tendencial	8.122.979,00	5,44%	8.564.734,50	2,98%	8.820.060,02	1,17%	8.923.558,07
Derivados de modificaciones políticas	1.117.500,00		146.500,00		148.360,00		150.294,40

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2020-23 son:

CV 31/12/2020	2.968.180,28
CV 31/12/2021	2.601.445,78
CV 31/12/2022	2.178.676,37
CV 31/12/2023	1.769.621,35

Os axustes SEC cuantificáronse en 240.000 € en todos os exercicios do período 2021-23, de igual modo que nos marcos orzamentarios do período 2020-22.

En canto á regra de gasto, considérase que si vaise cumprir o seu obxectivo:

Ano	GNF	Cap 3	O GFA	Aumento de ingresos por Ponencias de Valores e modificacións de OO.FF.	Gasto computable	% Variación	% taxa máxima	Gasto computable máximo	Gasto computable-Gasto computable máximo
2020	9.112.979,00	20.000,00	2.656.004,22		6.436.974,78		2,80%		
2021	8.334.500,00	20.000,00	1.856.004,22	156.618,52	6.615.114,30	2,77%	2,80%	6.617.210,07	-2.095,78

Ano	GNF	Cap 3	O GFA	Aumento de ingresos por Ponencias de Valores e modificacións de OO.FF.	Gasto computable	% Variación	% taxa máxima	Gasto computable máximo	Gasto computable-Gasto computable máximo
2022	8.549.365,00	15.000,00	1.856.004,22	76.258,44	6.754.619,22	2,11%	2,80%	6.800.337,50	-45.718,28
2023	8.774.797,45	15.000,00	1.856.004,22		6.903.793,23	2,21%	2,80%	6.943.748,55	-39.955,32

De todo o anterior, resulta que o concello cumpriría en todos os exercicios o obxectivo de estabilidade orzamentaria:

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2020	93.371,98	240.000,00	333.371,98
2021	176.486,72	240.000,00	416.486,72
2022	126.019,19	240.000,00	366.019,19
2023	-9.164,92	240.000,00	230.835,08

4. PASIVOS CONTINXENTES

No exercicio anterior prevéronse uns pasivos continxentes en concepto dunha sentenza recibida pola liquidación da concesión da piscina municipal, rematada no 2014. O importe ascende a 35.593,81 €.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2021-23. cos datos indicados nos antecedentes.

SEGUNDO

Remitirle ao Ministerio de Facenda e por parte da Intervención Municipal a dita información a través da aplicación de captura da Oficina Virtual coas Entidades Locais.

TERCEIRO

Darlle conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

3 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN: ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE RIANXO.

Considerando que se produce a desconexión de don Francisco Rubio Vicente antes de tratar este punto, e que don Germán Allut Vidal está conectado á presente sesión, APRÓBASE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes neste punto (6 do BNG, 4 do PSOE, 2 do PP, 2 de REC, e 1 de Cs) , dos 17 que constituen a corporación.

O Alcalde cede a palabra o concelleiro do grupo Rianxo en Común, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas do Porto de Rianxo levan moito tempo presentando un estado perigoso para a integridade dos traballadores e traballadoras que a diario teñen que facer uso del. O desgaste da madeira dun dos pantaláns provocou que varias táboas romperan fai unhas semanas e se orixinara un boquete polo que unha traballadora colou unha perna o pasado xoves 5 cando se dirixía á súa embarcación.

Un accidente que se podía ter evitado xa que con antelación aos feitos se lle notificara a Portos de Galicia o mal estado do pantalán e a existencia do dito boquete. A resposta de Portos de Galicia a esta demanda foi a mesma que a tantas outras que durante os últimos anos se formularon dende a Cofradía de Pescadores de Rianxo, mirar para outro lado a pesar que que forma parte das súas funcións a xestión deste tipo de instalacións tal e como está recollido no artigo 9 da Lei 6/20L7, do 72 de decembro, de Portos de Galicia.

Pensamos que lle debemos esixir a Portos de Galicia que cumpran coas súas responsabilidades e que dunha vez salden a débeda que manteñen co noso municipio. Así pois G.M Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Instar a Portos de Galicia a que cumpran coas demandas formuladas dende a Cofradía de Pescadores de Rianxo e que realicen as actuacións necesarias para garantir que os traballadores e traballadoras que fan uso das súas instalacións o fagan en condicións de seguridade.**

Ábrese unha quenda de debate e considerando que don Francisco Rubio Vicente segue sen poder conectarse á sesión neste punto concreto, sométese a votación obtendo 15 votos a favor neste punto (6 do BNG, 4 do PSOE, 2 do PP, 2 de REC, e 1 de Cs) resultando **APROBADA** nos

termos desta.

4 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSG: ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCURREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a ADECUADO ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS DE SERVIZO QUE DISCURREN PARALELOS Á AUTOVÍA DO BARBANZA.

Considerando que se produce a desconexión de don Francisco Rubio Vicente antes de tratar este punto, e que don Germán Allut Vidal xa está conectado á presente sesión, sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 votos a favor (6 do BNG, 2 do PP, 4 do PSOE, 2 de REC e 1 de Cs) membros presentes, dos 17 que constituen a corporación.

O Alcalde cede a palabra a concelleira do grupo PSG, que da lectura a proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recuperamos esta moción que xa presentáramos no pleno de abril de 2018 porque seguimos defendendo a importancia que ten para unha comunidade manter a súa rede de carreteras e camiños ben conservada para posibilitar o tránsito de unhas zonas a outras con seguridade e comodidade.

No texto daquela moción solicitabamos o adecuado acondicionamento dos camiños de servizo que discorren paralelos á autovía do Barbanza e que se encontran en moitos tramos en un estado lamentable, imposibilitando o tránsito seguro da veciñanza ata as súas propiedades.

Estes camiños tiveron que adaptarse ás marxes da autovía e en moitas zonas quedaron con pendentes case impracticables, sendo agravado o seu estado pola acción das choivas que produciron regos que dificultan moito o paso das persoas, animais e vehículos. Ademais desta necesidade que apuntabamos daquela, nestes momentos que estamos a vivir pola pandemia do COVID-19 e as novas maneiras que vamos a ter que adoptar no disfrute do noso tempo libre, evitando na medida do posible as aglomeracións de persoas, estas vías de servizo poden ser usadas para poder camiñar entre distintas zonas do noso concello.

Agora tamén é importante que contemos con unha rede de camiños que permitan visitar as zonas de interese que temos salpicadas por todo o noso territorio, contribuíndo tamén a facer de Rianxo un destino seguro.

Eses camiños xa se facían fai anos a pé, cando se quería ir de un lugar a outro do noso concello. Dende a construción da autovía quedaron en bastante mal estado e sen mantemento algún.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia que esixa a quen competa o mantemento dos camiños de servizo

que discorren paralelos á autovía do Barbanza para facelos transitables porque na maior parte do seu percorrido están moi deteriorados e supoñen perigo para os/as que teñan que utilizalos, para desfrutar dos nosos paraxes ou para coidar as propiedades forestais.

Conéctase don Francisco Rubio Vicente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

Rematado o debate, sométese a Moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 16 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE, 3 do PP, 2 de REC, e 1 de Cs) dos 17 que constitúen a Corporación corporación, resultando **APROBADA** nos termos desta

5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=xPbUG4O3P4s>